



Desmantelamento en O+M, tamén na contrata

No ano 2008 a empresa comezou a desmantelar O+M, o proceso daría para un libro pero trataremos de resumilo. No primeiro momento nomeáronse varias provincias como “pilotos” para levar adiante esta desfeita, unha delas foi A Coruña pero como os traballadores non colaboraron no desmantelamento do seu departamento, sacárona do “piloto” para poder dicir despois que a proba “piloto” saíra ben nas provincias onde se probara.

Despois mentiron e manipularon canto quixeron: que só se externalizaba o mantemento que non se puidese facer ao asumir actividades de maior valor engadido, que o traballo que se lle daba ao departamento era moito máis interesante (as máis da veces tirar pontes no repartidor), que se manterían as condicións de traballo (quendas e gardas). Mentiras e máis mentiras para vender a externalización do mantemento.

Temos que lembrar que os traballadores de O+M estiveron moito tempo mobilizándose para defender a súa actividade, convocando paros que tiveron un seguimento do 100% pero nesta cuestión, coma noutras, CCOO e UGT decidiron estar do lado da empresa.

Nas numerosas Comisións de Xestión onde se ten tratado este tema, dende a CIG estivemos sempre en contra deste proceso de externalización, uns estivemos cos traballadores e outros defenderon o discurso da empresa. Estiveron adiando as mobilizacións todo o que puideron e despois trataron de desmobilizar para que a empresa se saíse coa súa.

Despois de todo este proceso aparece en escena a contrata: Tex Digital. Propiedade dun exdirector de Telefónica. Faise co mantemento en parte do Estado español, apostando por un modelo empresarial baseado na explotación dos traballadores. Para poder coller o contrato fai unha oferta que, segundo outras contratas, está moi por baixo de que se debería cobrar, supoñemos que coa esperanza de sacar cartos doutra maneira.

Poucos anos máis tarde Tex Digital tamén se desmantela, a CIG está axudando aos traballadores para conseguir as indemnizacións que lles corresponde polo cese da actividade da empresa pois levan meses sen cobrar, para iso acudimos á Inspección de Traballo.

Coa suspensión de pagos, cando a empresa non ten recursos para facer fronte ás indemnizacións, estas acaban saíndo do FOGASA. En moitas ocasións os propietarios cambian as empresas de man para que isto suceda, semella que é o que pasará con Tex Digital.

Este proceso demostra o fracaso de apostar por un modelo empresarial baseado na precariedade laboral, na explotación dos traballadores e no beneficio a curto prazo, deixando de lado a calidade no servizo. Con todo Telefónica segue coa mesma, foise Tex Digital pero virá outra, o servizo seguirá externalizado.

Algún xefe (de Telefónica) chegou a dicir que mellorara a calidade coa externalización, pero nin eles se cren as súas propias mentiras...

Infórmate, reflexiona, actúa... Mobilízate!

Compostela 18 de outubro de 2011